



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Nomeamento de concelleira delegada de servizos sociais, benestar social, sanidade e igualdade

RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONCELLARÍA DELEGADA DE SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE.

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000317

EXPEDIENTE/S RELACIONADO/S: 2023/G010/000009 E 2026/X998/000022.

ANTECEDENTES:

En virtude das facultades que me confire o artigo 43.3 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear a **D^a M^a LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO (Terceira Tenente de alcaldesa)** Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Benestar Social, Sanidade e Igualdade, coa finalidade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos que se detallan:

- Coordinar os Servizos Sociais municipais e atención social.
- Centro Social
- Asistencia a atención á 3^a idade
- Muller
- Relacións con institucións sociais (Aspadex, APEM, Paseniño, Cáritas, Cruz Vermella, Asociacións veciñais e Organizacións Internacionais)
- Coordinación dos Servizos Sanitarios Municipais
- Obradoiros e actividades de formación relacionados cos servizos sociais.
- Promover e proxectar a política local en materia de asuntos sociais, programar os plans de apoio as persoas con diversidade funcional, maiores, infancia, menores e familia no marco das súas competencias.
- Fomentar, elaborar e desenvolver actuacións para a erradicación da exclusión social e xestión de programas en materia de desenrolo e voluntariados.
- Xestións para mellorar os servizos asistenciais sanitarios.
- No campo da sanidade intégranse as políticas municipais en materia de benestar animal.
- En xeral as relacionadas coa concellería de benestar social, igualdade e sanidade.

SEGUNDO.- A delegación abarcará o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas a ditos servizos e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, e a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local e as delegacións xenéricas efectuadas nas distintas Concellerías.

TERCEIRO.- Que se dea traslado da presente resolución ó interesado, para a súa aceptación. No caso de que non se acepte expresamente, no prazo de tres días hábiles contados dende a presente resolución, entenderase aceptada a mesma.

CUARTO.- Que a presente resolución se publique no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios, e se dea conta ao Pleno da Corporación.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, 27 de marzo de 2026.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán

A secretaria, Rocío Hermida Cancela